

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do prezo público do Programa Concilia 2026 do Concello de Negreira

ANUNCIO

O Pleno da Corporación con data de 09 de marzo de 2026, acordou a aprobación provisional da Ordenanza reguladora dos prezos públicos correspondentes ás actividades englobadas dentro do programa Concilia do Concello de Negreira.

Publicada con data 16 de marzo de 2026 no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións, considérase aprobada definitivamente a citada Ordenanza, co texto íntegro que se inclúe a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO “PROGRAMA NEGREIRA CONCILIA (MADRUGADORES E MERENDAS), CONCILIA ENTROIDO, CONCILIA SEMANA SANTA, DIVERVERÁN, CAMPAMENTO URBANO RESPIRA E CONCILIA NADAL”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Negreira quere contribuír ao fomento da conciliación da vida familiar e laboral coa dotación de servizos que axuden a veciñanza no exercicio das súas actividades e no cumprimento das súas tarefas e obrigacións.

En conformidade co artigo 127, en relación co disposto no Capítulo VI do Título I do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 marzo, o Concello de Negreira procede a regular mediante a presente ordenanza o establecemento dos prezos públicos, que constitúen a contraprestación económica pola utilización dos servizos de conciliación, cuxas normas reguladoras foron aprobadas a tales efectos.

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza refírense a servizos públicos que non son de solicitude ou recepción obrigatoria, sendo todos eles susceptibles de ser prestados ou realizados polo sector privado.

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que deberá satisfacer os usuarios que, voluntariamente, soliciten ou utilicen os servizos municipais dentro do “Programa Negreira Concilia”, sendo que, para a fixación dos mesmos tivéronse en conta os importes que serán sufragados polo Concello.

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto establecer os prezos públicos pola prestación dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral, comprendidos nos Programas Negreira Concilia, (Madrugadores e Merendas) Concilia Entroido, Concilia Semana Santa, Diververán, Campamento Urbano Respira e Concilia Nadal.

Artigo 2. Servizos

Está constituído polo uso dos seguintes servizos:

En períodos lectivos:

MADRUGADORES: A disposición das familias durante todo o período lectivo do ensino infantil e de primaria, en horario dende as 7:30 horas ata o inicio das clases. O servizo abarcará todos os días lectivos do curso escolar. Consiste na ampliación do horario de apertura do centro escolar, prestando atención e coidado ao alumnado. As familias deben incorporarse ao servizo, como mínimo 30 minutos antes de comezar a xornada escolar.

MERENDAS: Consiste na ampliación do horario de saída do comedor en tres horas durante o período lectivo, dende as 16:30 horas ata as 19:30 horas. O servizo abarcará todos os días lectivos do curso escolar, consistindo nun servizo de atención lúdico – educativa.

Servizos en período non lectivo.

-Concilia Entroido: consistirá en obradoiros e actividades para o coidado e a atención lúdico – educativa que abarcarán todas as vacacións escolares de Entroido, excluindo os días festivos, e sendo o seu horario dende as 8:00 ata as 15:00 horas.

-Concilia Semana Santa: consistirá en obradoiros e actividades para o coidado e a atención lúdico – educativa que abarcarán todo o período non lectivo das vacacións escolares de Semana Santa, e sendo o seu horario dende as 8:00 ata as 15:00 horas.

-Diververán: Realízase durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en 6 quendas organizadas por períodos de 15 días, e dous grupos distintos segundo idade, sendo o horario de 10:00 a 12:00 e de 12:00 a 14:00 horas, consistindo nun servizo de actividades de coidado, ocio e tempo libre e atención lúdico - educativa.

-Concilia Nadal: Realízase durante as vacacións do Nadal, en horario de 8.00 a 15:00 horas, consistindo nun servizo de coidado e obradoiros de atención lúdica.

- Campamento Urbano Respira: Levaranse a cabo durante as vacacións de verán, xullo e agosto.

Consiste en actividades de coidado, ocio e tempo libre e atención lúdico – educativa, en horario de 8.00 a 15:00 horas. Estes campamentos desenvolveranse por quendas:

- 1ª Quenda: Dende o remate do curso escolar ata o 30 de xuño.
- 2ª Quenda: Dende o 1 ao 15 de xullo
- 3ª Quenda: Dende o 16 ao 31 xullo
- 4ª Quenda: Dende o 1 ao 15 de agosto
- 5ª Quenda: Dende o 16 de agosto ao 31 de agosto
- 6ª Quenda: dende o 1 de setembro ata o comezo do curso escolar.

Artigo 3º. Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos quen se beneficie dos servizos municipais de conciliación. Enténdose como tales as/os nais/pais, ou no seu caso a titora/titor ou representante legal das/os menores que fagan uso dos mesmos.

Artigo 4º Contía

As tarifas dos prezos públicos serán as seguintes:

MADRUGADORES

1,20 € por hora.

Admitirase a utilización deste servizo durante quincenas, si o límite de prazas así o permite, tendo prioridade a utilización mensual.

MERENDAS

1,20 € por hora.

Admitirase a utilización deste servizo durante quincenas, si o límite de prazas así o permite, tendo prioridade a utilización mensual.

CONCILIA ENTROIDO

- 1,00 € por hora.

CONCILIA SEMANA SANTA

- 1,00 € por hora.

DIVERVERÁN

- 1,00 € por hora.

NADAL LÚDICO

- 1,00 € por hora.

CAMPAMENTO RESPIRA.

- 1,00 € por hora.

Todas estas tarifas serán actualizadas anualmente conforme ao Índice de Prezos ao Consumo interanual do mes de Agosto

Artigo 5. Reducións na cota.

a) Redución por causas sociais acreditadas:

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo dará dereito a unha axuda equivalente ao 100% do custo dos servizos usados. Esta axuda deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello.

b) Redución por irmáns:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

As persoas usuarias dos servizos que durante o mesmo mes fagan uso de dous (madrugadores e merendas) terán unha bonificación do 25% no importe do segundo.

3. Concorrenza de axudas:

Os servizos públicos aos que se refire esta Ordenanza, poden ser subvencionables por parte da Administración Autonómica, e nalgúns casos cubrir a totalidade do seu custo. Por elo, no suposto de obterse dita subvención, os usuarios estarán exentos do pago dos prezos públicos fixados nesta Ordenanza. No suposto de que as subvencións non cubran a totalidade do servizo, estableceranse as correspondentes exencións parciais.

Artigo 6. Obrigación de pago

A obrigación de pago dos prezos regulados nesta Ordenanza nace desde que se inicie a prestación dos distintos servizos. O usuario deberá facer o pago ao concello unha vez admitido no servizo correspondente.

Artigo 7. Réxime de Xestión e ingreso dos prezos públicos

O pago dos importes dos servizos de Negreira Concilia realizarase os cinco primeiros días de cada mes mediante domiciliación bancaria ou ingreso na conta bancaria do Concello designada a estes efectos.

Nos servizos prestados en períodos non lectivos o prezo total ingresarse no momento da aceptación no servizo, na conta bancaria do Concello. A falla de pago suporá a perda do dereito ao servizo. En caso de falla de pago do recibo, o obrigado farase cargo dos gastos de devolución do mesmo.

Cando se produzan faltas de asistencia ou ausencias, as mesmas non xerarán descontos ou deducións da cota mensual. O alumnado que causase baixa definitiva ou temporal sen causa xustificada, non terá dereito a ningunha devolución das cantidades aportadas ata ese momento.

Cando a solicitude de incorporación aos servizos de madrugadores e merendas se formule unha vez iniciados ditos servizos e sexa antes do día 16 de cada mes a cota mensual será ingresada polo seu importe total. Si a solicitude de incorporación é a partir do día 16, o importe será do 50%.

Artigo 7. Disposición única

Esta ordenanza entrará en vigor a partires do día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Negreira, a 18 de maio de 2026

Manuel Ángel Leis Míguez

Alcalde - Presidente

2026/3188